



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Lingua francesa. Nivel intermedio 2

CONVOCATORIA: IDIOMAS, convocatoria

GRUPO: Portal de Idiomas

ÁREA: Portal de idiomas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	150
-----------------------	----------------	--------------	---------------	---------------	-----

ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
------------------------	-------------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1
-------------------------	---------------	-------------------	-------	------------------	---

DATA MATRÍCULA: Do 12/02/2026 - 09:00h ao 18/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

NOTAS IMPORTANTES!

- O número máximo de actividades de formación continua, en materia de idiomas, que se pode solicitar limítase a tres (3). Non se pode solicitar o mesmo nivel cursado na anterior convocatoria.
- Na modalidade de teleformación só se pode matricular nun nivel de cada idioma ofertado. En caso de detectarse máis dun nivel solicitado en cada idioma na modalidade de teleformación, acéptaselle no nivel máis baixo e exclúeselle no/os outros niveis.

Proporcionar o coñecemento e as habilidades de comunicación dos empregados da administración en lingua francesa, perante o emprego das novas tecnoloxías.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG).

PROGRAMA

Nivel B2:

Falar do mundo do traballo, redactar o seu CV Europass, presentar a evolución da familia e da sociedade, comentar un gráfico, presentar e comparar os sistemas educativos europeos.

Falar do consumo, das súas tendencias actuais, do ciberconsumo e do comercio equitativo, comprender un discurso, presentar un sistema político.

Explicar o funcionamento da función pública dun país, falar dos medios de comunicación, presentar os grandes eixes culturais dun país.

Falar do futuro. Dar consellos de saúde, explicar o sistema médico dun país, falar do medio.

A dobre pronominalización, os pronomes relativos complexos, as nasais, os conectores temporais. A nominalización, as interxeccións. Expresar a dúbida e o desexo. Os articuladeiros enumerativos. A relación e o encadeamento. A concordancia dos tempos. As expresións con "mettre". A hipótese. Causa, consecuencia e oposición. Os homófonos e os homógrafos, léxico da banca, do medio.

O xerundio, o participio, o adxectivo verbal, a voz pasiva, o condicional, o "passé simple".

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 24/03/2026 a 03/11/2026

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME: 06/11/2026 ás 18:30h

DOCENTES NOMEADOS

Gabriel Domínguez Domínguez

LUGAR DE REALIZACIÓN

Datas: 24/03 ao 27/06/26 e do 09/09 ao 03/11/26
Proba final en liña.